

# a auga na cultura galega

# a auga que cae do ceo


A chuvia reparte pola terra a auga que o sol e o vento sacan do mar transportada nas nubes.

A chuvia cae sobre a terra, esvara pola superficie, enchoupa e penetra no seu cerne. Forma as veas das que se nutren os milleiros de regos e mananciais, limpa o aire e vivifica toda a natureza.

Da importancia da chuvia dan fe a cantidade de palabras para expresar todas as súas formas e variedades e os numerosos ritos e tradicións que tiñan lugar por toda Galicia para atraela ou alonxala. Rogativas con santos para pedir a chuvia, ritos de inmersión total ou parcial de imaxes de santos nos ríos e fontes...



A chuvia moi miúda, con pingas moi finas, como néboa, chámase, segundo os lugares: chovisca, poalla, barruzo, orballo, bromorio, molura, cerceno, babazo, moruxeira, marmuxeira, marmaña, mocalas, mollaparvos, mollapitos...



É noite pechada e chove miúdoño ...  
Nas lousas de pedra,  
ó longo da rúa  
escura e deserta  
estoupan as pingas  
que deitan as tellas ...  
CHOVE (Ramón Cabanillas)

-Un pé de auga e saraiba descarga auga a xerros no medio dun día de inverno metido en auga.

-Cando chove moito e con forza dise que chove a arroiár, a baldes, a xarros, a caldeiros, a Deus dar... ou que cae unha manta de auga.

Un día de chuvia a rego ou a fío: cando o fai con abundancia e durante moito tempo.

-Cando chove intensamente, pero durante pouco tempo, produto dunha tormenta, chámase torbón, balón, tronada de auga, man de auga, cachón, tromba de auga ou golpe de auga.

-Dise chuvia, xistra, brea, chuvasco e chuvazo cando chove con moito vento e, se ademais vai frío, corisca ou coriscada.

-Unha nevada é cando chove auga fría forte e intensamente.



## REFRÁNS

- En abril, cada pingueira vale por mil.
- A chuvia de San Xoán tolle o viño e non da pan.
- En agosto chove mel e mosto.
- Cando Nadal nada, sinal de boa anada.
- Xaneiro xeadeiro, febreiro muldeiro, marzo esqueiroso e abril chuvioso sacan a maio frorido e fermoso.
- Polo agosto arden os montes, polo setembro secan as fontes.

## CANTIGA

Es coma auga moleira,  
que anque non pareza molla,  
tes moi boas palabriñas  
para quen non te conoza.

## TRADICIÓNS

No monte Aloia, en Tui, levaban a imaxe de San Lourenzo á Pedra da Auga (mirando ao solpor) para pedir chuvia, e á pedra Do Sol (mirando ao nacente) se querían que parase de chover.

## NUBEIROS E TRONANTES OU "COMANDANTES DO TRONOS"

Seres que se encargan de fabricar a tronadas e saraibas. Homes altos vestidos de negro que falan castelán e forman as treboadas subindo ás nubes por medio dunha polvorina que fabrican mexando no pó. Tócanse as campás para espantalos e que non fagan dano na parroquia. Os curas espantanos con resposos.



Despois de escampar, estiñar, estrelampar ou clarear as derradeiras pingas esvaran polas ponlas das árbores.

**OFICIO DA CHUVIA: O PARAUGUEIRO**  
Os paraugas son accesorios imprescindibles nun país onde chove moito e mantelos en boas condicións é traballo do paraugueiro.



**ARTESANÍA DA CHUVIA**  
A corozá é unha prenda feita de xuncos ou palla construída de xeito que a auga esvara por ela. Foi moi empregada na montaña.



O orballo ou rosada fórmase nas noites frescas ao condensarse o vapor de auga do aire



A xurrada ou escorrentía é a auga que corre por enriba da terra cando chove.



Despois de moito chover veñen as enchentes.



Segundo a crenza popular, o arco da vella baixa a beber auga dos ríos. Tamén se di que onde remata o arco da vella hai un illó.



O frío converte en carambelos as pingas de auga que esbaran dos



Pedrisco, saraiba, pedra ou pedrazo



Xeada: o frío das noites de inverno conxela as minúsculas pingas da humidade do aire.



Lazo ou cristal (tona de xeo na auga)